

AFONSO VÁZQUEZ-MONXARDÍN

Ourense, 1960

Estudou as especialidades de Prehistoria e Arqueoloxía, Xeografía, historia e arte de Galicia e Arquivística e biblioteconomía en Santiago de Compostela. Dedicado á docencia de lingua e literatura galega desde 1984 é na actualidade catedrático desta materia no IES As Lagoas de Ourense.



Avilés nun óleo de Lixandre González Pascual.



Antón Avilés de Taramancos Poeta entre dúas terras

Afonso Vázquez-Monxardín Fernández

Introducción

En 1988 inaugurouse un ciclo de homenaxes no Día das Letras Galegas a escritores moi próximos cronoloxicamente a nós, moitos deles estrictos contemporáneos nosos no extremo en que unha xeración toca con outra. O primeiro desda serie foi Ramón Otero Pedrayo, a quen seguiron en anos posteriores, Celso Emilio Ferreiro, Luís Pimentel, Alvaro Cunqueiro, Fermín Bouza Brei, Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane, Rafael Dieste, Xesús Ferro Couselo, para rematar, en 1997 co lucense, de quen este ano 2003 se cumpre, precisamente o centenario, Ánxel Fole.

Ó ano seguinte, 1998 empezou unha nova xeira de dedicatorias a poetas e escritores afastados de nós no tempo. Nela estarían os poetas da Ría de Vigo -Codax, Mendiño e Johán de Cangas-, o Padre Sarmiento, Manuel Murguía, Eladio Rodríguez e Roberto Blanco Torres. Dalgúns deles só coñecemos unha poesía -Mendiño- e outros foron incluídos por méritos absolutamente comprensibles e lóxicos pero non coincidentes coa estricta calidade literaria. Murguía, por historiador e “pai da nación”, Eladio Rodríguez, por lexicógrafo, Roberto Blanco Torres, por xornalista comprometido, o Padre Sarmiento, por iniciador da reflexión que levaría ó Rexurdimento...

E neste ano 2003 volve a Real Academia Galega a fixar os seus ollos nunha persoa dos nosos tempos. Alguén que se non fose roubado pola morte tería hoxe só sesenta e oito anos; alguén co que moitos dos poetas actuais tiveron un contacto estreito; alguén que mesmo ocupou cargos de responsabilidade política no Concello de Noia aínda en 1991.

Cremos que a recuperación da figura de Antón Avilés de Taramancos é un acto de xustiza histórica na que se trae de novo a nós a vinculación non xa cos tempos presentes senón coa calidade e fondura literaria dun autor pouco coñecido para o grande público.

Precisamente contribuír a estender ese coñecemento dun poeta singular como é Avilés de Taramancos, será o obxectivo central das páxinas biográficas que seguen. E dicimos poeta singular, porque non é doado integralo de xeito claro en ningún grupo xeracional. Os poetas da súa idade, nados entre os anos trinta e corenta, ano arriba ano abaixo, son os membros dunha difusa xeración que á que os críticos teñen outorgado varios nomes: “Xeración dos cincuenta” -por ter empezado a escribir nestes anos-, “Xeración La Noche” -por iniciárense a maioría deles no xornal compostelán dese nome-, Xeración das Festas Minervais -por teren participado e seren galardoados, a maioría, nas festas



poéticas da Universidade de Santiago deses anos, etc... En calquera caso non forman un grupo homoxéneo e as súas traxectorias serán do máis plural. Algúns seguen escribindo intinterrompidamente ata hoxe (Manuel María, Méndez Ferrín, Bernardino Graña...) outros deixan o mundo da poesía para dedicárense a outros xéneros literarios (Ramón Lorenzo, Xosé Fernández Ferreiro), e algúns outros deixar de publicar durante moitos anos. Entre eles, sobrancea Avilés de Taramancos, que, cando reinicia a súa andaina literaria, faino en íntima conexión coas xeracións máis novas. En calquera caso, Avilés, antes da súa marcha á emigración, non era unha persoa vencellada ás actividades que se desenvolvían en Compostela -xornal *La Noche*, Festas Minervais...- e ese “desencuadre” facilitou, sen dúbida, o achegamento libre ós poetas máis novos, menos integrados, menos instalados no sistema cultural dominante nos inicios dos oitenta e que se agrupaban daquela ó redor da revista *Dorna*. Por iso, nalgunha ocasión chegou a dicir:

Non son de ningunha xeración. Paseime á xeración Dorna porque despois de vinte anos podo voltar a comezar de novo. E son de Dorna porque, ó chegar, onde empezei a publicar foi en Dorna.

Avilés mozo na aldea de Taramancos.



Un neno que nace á poesía na postguerra

Se virades entrar un veleiro na ría co veleme despregado ao vento, os foques tensos no botalón de proa e a vela escandalosa alta no vento coma unha bandeira, veriades a miña nenez a sorrir.

Antón Avilés Vinagre naceu o 6 de abril de 1935 preto da vila de Noia, nunha aldea labrega mirando o mar: Taramancos. Alí educou a súa sensibilidade entre os coidados da nai e da avoa -Pepa da Pastora- ás que identifica constantemente coa vinculación á terra e por oposición a un pai que andaba embarcado e lonxe da casa. O monte, o vento, os traballos do campo, a natureza, a ría, a construción dos barcos, as velas despregadas... foron callando con fondura nun neno sensible que asistiu á escola parroquial de Boa e logo prepararon os primeiros anos de bacharelato en Noia en tempos de racionamento e dificultades para a vida cotiá.

Precisamente neses anos de ensino secundario esperta a súa vocación como escritor. No ano 1952, con 17 anos, publica un poema dedicado ó poeta Manoel Antonio, na revista “Sonata Gallega”, na que se amosa como un mozo atraído polas vangardas estéticas que representa o poeta rianxeiro. Nese mesmo ano, gaña o concurso de poesía organizado polo Círculo de Recreación do Casino de Noia, cun poema de corte moi clásico dedicado a Antón de Noia, un grumete embarcado na aventura circunnavegadora de Magallanes e que morreu en Filipinas en 1521. Na entrega dese premio coñece a Ramón Otero Pedrayo quen o animará e felicitará polo seu traballo. Inicia tamén nese momento a colaboración permanente coa revista cultural *Tapal* de Noia. Só un ano despois, en 1953 publica un poema homenaxe a Castelao na revista *Lar* de Bos Aires, iniciando así a súa relación persoal coa América.

Época coruñesa

Eu fora á Coruña para estudar Náutica pero descubrín que o meu amor ao mar era máis ben distante, de velo pero non de sufrilo, era un amor de paisaxe pero non de vivencia total. Eu xa tiña decidido ser unicamente poeta.



Con dezaioito anos, por consello familiar, marcha a Coruña a estudar Náutica, pero non a acabará nunca a carreira. Polo camiño, dáse conta que o seu é a contemplación e vivencia do mar desde terra, pero non andar embarcado. Na cidade herculina iníciase o que o estudioso da súa obra Xosé María Álvarez Cáccamo designa como “Ciclo Coruñés”, un período inicial de ensaios poéticos, ligado ás vellas vangardas estéticas de raíz imaxinista e neotrobadoresca.

Estamos nun tempo no que o autor entra en contacto coa intelectualidade que se move na cidade nos difusos círculos vangardistas e galeguistas. O seu amigo da alma, o que lle abre portas, amizades e libros, será o pintor Urbano Lugrís, fillo do vello Manuel Lugrís Freire quen, á súa vez, fora amigo e estudioso de Eduardo Pondal. Urbano Lugrís, pintor e poeta, creou un trascendente heterónimo para o seu uso persoal na valiosa revista *Atlántida*, que el dirixía, e que supón unha mestura da atracción polo clasicismo -Ulyses- e polo atlantoceltismo -Fingal- cunha raíz que podemos rastrexar mesmo ata o propio Pondal.

Esta vangarda estética entroncada coa esencia da terra e da natureza, cunha lectura por veces épica, contribuirá decisivamente á formación de Avilés.

Nestes tempos coruñeses vaise decidir pola utilización como nome poético de Antón Avilés de Taramancos, trocando o seu segundo apelido -Vinagre- nunha acertada escolla, polo topónimo da aldea de nacemento. Os seus amigos, á parte de Urbano Lugrís, serán os artistas Xohan Casal, Xosé Alexandre Criebeiro e Raimundo Patiño. O desexo de contactar coa cultura galega, practicamente oculta naqueles tempos do franquismo medio, lévao a entrevistarse con Álvaro Cebreiro, Ramón Cabanillas, Gala -a filla de Rosalía-, as irmás de Castelao, etc. Participa tamén, na montaxe de *o Incerto Señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* de Cunqueiro e que se estreará en 1959. É tempo de colaboración con numerosas revistas culturais: *Tapel*, *Amencer*, *Aturuxo*, *4 ventos*, *Atlántida* e dos primeiros poemarios nacido á calor dos amigos.

As moradias do vento (1955)

Trátase dun conxunto de só sete composicións reunidas nunha separata do número 11-12 da revista *Atlántida*. Os eixos clave deste breve poemario que xira ó redor dos distintos ventos coruñeses, son o enxalzamento da



*Discurso de Avilés
no acto de Irmanamento da vila de Noia
con Estarreja. (1988)*

natureza e a preocupación musical e formal dos versos, amosando un máis ca notable dominio da lingua e incluíndose claramente na estética imaxinista.

*Vento mareiro, amigo
dos velamios senlleiros, da nebríña
de ronseles no ar aloumiñada,
do azul lonxano que se volve lila.*

*Unha frauta delgada de horizontes,
trema na túa voz e dálle vida.*

*Hoxe as dornas sulcaron,
a sorriso do mar profunda e nidia.*

Hoxe as dornas beberon o teu sangue na badía.

*É ti beilando muiñeiras tolo
no corazón da noite
onde a forza de Deus anda perdida.*

Mans de vidro e de nube,



*vento amigo,
medra no teu lecer a moradía.*

A fruta e o garamelo (1959)

Esta reducida edición custeda polos amigos recolle once composicións relacionadas tamén coa vivencia da natureza nun estado puro na liña imaxinista de Amado Carballo, e na que a referencia serán os paxaros da terra: ouriol, xerín, sílgaro, corvo, rula...

*Así no teu cantar crescendo o día
medra a ponla por dentro aloumiñada
e de vagar; baila a taravela do teu cantar.*

*Este xermolar novo polas herbas
da túa gaita inxel:*

*Xílgaro, novelo de lilainas,
nogueira frorecida polas veas;
xílgaro meu amigo nos camiños
de afiadas zanfonas polo ar...*

Otero Pedrayo, gabaralle a obra nunha carta onde expresivamente lle di:

Dende agora case poderei aturar lonxe do xardín e dos paxaros. Pois teño ben preto o seu libriño. ¡Canta legría pros vellos sentir o canto dos mociños. Temos Galiza. Xa podemos descer tranquilos e espranzados a isa terra agasalleira que agarda...

Poemas a Fina Barrios. Pequeno canto (1959)

En 1959 traslada o seu primeiro grande e tráxico amor a un pequeno feixe de dezanove poemas en hendecasílabos brancos, tinxidos de vitalismo e sensualidade nos que xoga coa alegoría do navegante e o mar. A estes engadirá, en 1960, logo da morte da amada tras unha intensa enfermidade, un soneto en alexandrinos no que amosa a devastación interior, producida por esa ausencia definitiva.

Con este poemario gaña o concurso convocado polo Grupo "Brais Pinto" dos intelectuais galegos de Madrid ó ano seguinte, se ben, non será publicado ata moitos anos despois. Sen embargo, este concurso e victoria hanlle servir para entrar en contacto con máis amplos

sectores das letras galegas que ata o momento non contactara. Iglesia Alvariño, por exemplo, coñecedor dunha copia do poemario non dubidará en gabalo como algo importante nas nosas letras.

Pomas soltos a Maricarmen Pereira (1961)

O seu renacemento despois do trauma desta traxedia amorosa, maniféstase nun novo feixe de poemas, os dez "Poemas soltos a Maricarmen Pereira" escritos ó longo do verán de 1961, tempo que pasa a moza coa súa familia en Noia. Un parente desta moza, o tamén poeta Salvador García-Bodaño, conservará os poemas que Avilés lle enviaba, e será o impulsor e iniciador do recoñecemento do poeta noiés nos anos setenta.

*Vén da miña man, amada
ensinareiche o bosco:
o pórtico máis amplo ábrese ós nosos ollos
e escomenza o marmurio dos oboes.*


*¡A leda orquestra dos verderolos brinca no ar
e o ceo estrea unha nova bandeira...*

Ningún destes dous poemarios de amor verá a luz en forma de libro independente, senón como parte dunha recompilación poética feita polo propio autor no ano 1982 e titulada *O tempo no espello*.

A viaxe a emigración colombiana

Durante eses anos, sen embargo, escribín pouco. A vida íame levando por outra serie de camiños aínda que había sempre ese fío que te vai atando á poesía e á patria. Todo iso de que cacei tigres, fun contrabandista ou trafiquei con cabezas reducidas, sendo certo ten moito de mítico, pois data dunha carta que eu lle escribín a Salvador García Bodaño polos anos sesenta e tantos, cando andaba con Miguel de la Cuadra Salcedo. Non son máis que as pequenas anécdotas dunha vida moito máis complexa e tamén máis normal...

No ano 1961 decide, despois de moitos desacougos, emigrar a Colombia. Das razóns da marcha ten falado Avilés en varias ocasións. Un certo agobio vital para un mozo poeta que desexaba ver e vivir "máis alá" do



que as circunstancias permitian, unha certa presión policial por uns libros chegados de América... Trátase en definitiva dunha marcha de acabalo entre o exilio e a emigración, o que el mesmo denominou “tácito desterro”. Nalgunhas ocasións tamén ten relatado que a escolla de Colombia non foi máis ca produto da casualidade ó ter contacto co cónsul colombiano na Coruña quen o convenceu de que, aínda que exótico para os galegos, Colombia era un destino ideal.


Cando marcha, o que ten publicado este poeta mozo é moi pouco e en tiraxes moi reducidas. Pero será durante esta estadía colombiana, cando o poeta Salvador García-Bodaño dea noticia da actividade poética de Avilés nun artigo na revista *Grial* en 1972, que suporá o inicio do recoñecemento público da súa obra e a orixe do mito de aventureiro na selva amazónica.

A súa estadía en Colombia duns vinte anos de duración, terá dúas fases claras: Nos comezos, sendo aínda un mozo, participou dunha vida moi movida cambiante; exerceu múltiples oficios e empregos e percorreu boa parte do país desde o Caribe ó Amazonas, e desde o Pacífico á Cordilleira dos Andes. A vida non lle deixaba moito tempo para escribir.

Vinte anos de ausencia na flor da mocidade trocan radicalmente a vida dun home. Vivir -sobrevivir- vólvese a razón primaria do emigrado. Non hai tempo para gaitas nin para poemas. Erguer un fogar en terra allea, assimilar outra cultura e outra paisaxe, construír inconscientemente outra patria é unha tarefa na que a poesía se vai afogando pouco a pouco no silencio...

Na segunda fase, xa máis asentada, encontrámolo casado coa colombiana, a quen coñecera cando traballaba na Embaixada brasileira en Bogotá, Sofía Baquero, nai dos seus tres fillos, e establecido en Cali traballando nunha librería, ata a súa volta.

A experiencia colombiana -os vinte anos centrais da súa vida- marcará radicalmente a súa obra e a súa vida posterior. Tanto no sentido da poetización da



súa percepción persoal da “perda da terra”, a saudade do abandonado, como, posteriormente, na “saudade inversa”, o sentimento da ausencia da terra que fixera súa de adopción.

Era a rosa de Jericó, a rosa de Cauca, a rosa de Bolombolo. Os xardíns de Antioquía, os cafetais de Armenia, os algodónais de Sinú, os manglares de Buanaventura. Un país para soñar, desde Macondo coas súas bolboretas amarelas ata as planuras de Villavicencio, ese outro mar sen fin na terra bañada por tres mares: O Pacífico, o Atlántico e o Amazonas. Despois os mil ríos con nervaduras que percorren a

pel e enchen de fartura e de camiños a xeografía máis intensa que vai do páramo á ribeira branca.

Amase Colombia desde o fondo das súas entreteas; a xente aberta e popular sempre disposta a ofrecer acobillo; a terra mesma, ubérrima nas sabanas, nas veigas e nos vales, e irta nos cumes nevados onde o freilexón campea senlleiro como unha bandeira triunfal...

Poemas da ausencia (1963, 1969)

Como el declara, pouco escribiu en terras colombianas. A penas unha serie de composicións que agrupadas para a súa publicación baixo o título xeral de “Poemas da ausencia” foron escritos en dous *arrautos* poéticos: en 1963 e en abril e maio de 1969 e que representan o periplo, a viaxe vital de Antón Avilés de Taramancos.

Nunha das poesías máis gabadas destes “Poemas da ausencia”, a titulada “*Eu amo as minerais entrañas do meu eido*” expón unha forma de idolatría natural pola terra entendida no sentido amplo de cosmos e concreto de nai, sobre a que volverá continuamente na obra, e comeza tamén a aparecer a figura do náufrago en constante viaxe cara a non se



sabe onde.

...
*Náufrago soterrado, feliz entre as estrelas
 de auga primitivas, o corazón mollado
 na saíba poderosa que dá lentura ás leiras,
 en silandeiro navegar, amante aínda,
 ter saudade da luz, do sal, de ve-lo vento,
 da chuvia elemental caíndo nos pomares:
 ser orfo, orfo espido, para amar con máis furia
 a flor roxa do cobre e o iris do estaño.*

...

Precisamente esta náufrago irase convertendo de a pouco, no seu personaxe Ulises Fingal, no que Antón Capelán denomina “fusión mítica” entre Avilés e o propio personaxe. Deste xeito, cunha grande impronta clásica, recrea e asume o mito do Ulises que viaxa por afastadas terras, vivindo na aventura permanente e lembrando sempre a casa e a Terra, ata que, por fin, volve e nada é igual ó seu momento de partida. Unha historia coa que se identifica sobremaneira o escritor de Noia. E ningún Ulises mellor que o Ulises Fingal, clásico e céltico, do seu amigo Urbano Lugris co que se queda en herdo literario pleno cando a súa morte; precisamente no verán de 1974 publica na prensa galega

un sentido e esgazador “**Pranto por Urbano Lugris**”.

Pero nestes variados Poemas da Ausencia hai moito máis ca poesía de saudade e vivencia orgánica da terra: amor sensual e soidade radical:

...
*Hoxe amiga quero soñarte núa,
 núa como un cristal na escuridade.*

...

*Ando lonxe e senlleiro triste e lonxe
 como unha besta acoitelada brúo
 e arrepíanse os Andes ao meu paso.*

...

e, por fin, a angustia da necesidade da volta á terra, entrou outros, nun poema onde xoga coa intertextualidade e os poetas do Rexurdimento:

...
*Rosalía: non me deixes
 tan lonxe que teño medo.*

....

A partir de medidos os setenta, coincidindo co inicio do cambio de réxime político en España, vai a inciar unha serie de poemas patrióticos nun alto rexistro épico onde reclama o seu posto ó carón do pobo que deixou e ama na distancia.

*Veño convoco pobo meu, tribo preliminar
 camiño aberto no deserto fundamental do tempo,
 longas xornadas na hora glaciario, deserto roxo,
 barro fraxil, atecido acaso de saudade,
 cántico rouco no albor da vida
 sobre de gándara onde o coiro das tendas abanea.*

Nova Crónica de Ulises (1978)

A ansia da volta, faise permanente a partir dese momento mantendo unha progresiva tensión clásica e épica. O libro, escrito na súa maior parte en Colombia, aínda que inclúe tamén algunha composición do momento da volta, incia o tema da esperanza pola marcha mesturada coa saudade pola terra que vai deixar para volver a Galicia. Na composición que lle dedica a Cali, di

*Agora teño saudade
 do futuro que hei de andar
 lonxe da miña cidade*

*Cúpulas brancas ó ar:
 É sinto na eternidade
 o corazón a soñar*

Pero inclúe tamén algún poema de corte social, moi na liña de Celso Emilio, como o titulado “Hai que matar a supermán” con motivo da construción nos cumes da Barbanza dun posto de control da OTAN. Por outra banda, sabe que a volta non ha ser doada, e que a mocidade perdida non é posible recuperala, por iso, no poema Itaka só un can vello e xordo, reconece ó viaxeiro.

*De novo nas ribeiras da patria o pai Ulises
 canta*

.....

*Ninguén escoita o seu cantar. O tempo abaneou
 os alicerces
 dese outro soño de chegar un día, e un can vello
 e xordo*



é a única carantoña da ledicia, o símbolo da mocidade recuperada.

A dura decisión de tornar á patria é meditada, lenta, progresiva... busca a saída do labirinto da súa vida a medida que a saudade o vai aferrollando aguilloada polo coñecemento en que pode contribuír ó despertar do pobo que ama sobre todas as cousas. No libro “Nova Crónica das Indias” escribo fermosamente:

Para saír do labirinto hai que romper os muros. Ulises Fingal mentres bica con agarimo as pálpebras do seu amor enfeitizado, abre ben os ollos e prepara os arreos da desbandada, pon as frechas no seu carcás, a lanza e a adarga preto da súa man e o ariete de abater na forza do seu pensamento, para derrubar outra vez un castelo que cae, como o castelo da infancia, enriba de si, ferindo o seu sentir; pero esta volta o vento fresco que vén de fóra das murallas é o vento da liberdade, o vento limpo que puxa as naves do regreso.


Volta a Galicia (1980)

En 1980 volve a Galicia. Case vinte anos en Colombia. Volve coa muller, a colombiana Sofía Baquero, e os seus tres fillos. Tratou de montar unha librería en Santiago. Non deu e, coa versatilidade inherente á súa persoa, axiña monta unha fermosa taberna enxebre nun edificio histórico de Noia, a vila da súa infancia, e entra en contacto cos poetas novos e co mundo da actividade cultural e política no seo do nacionalismo, o que o levou a dicir *son como unha especie de renacido, tanto na poesía como na vida.*

Será a década seguinte un tempo de esperanza e ilusión. A súa taberna convértese nun punto de encontro cos poetas novos que xorden en Noia –Ana Romaní, María Xosé Canitrot e outros– e cos que levará moita máis relación que cos escritores da súa xeración cronolóxica, todos xa instalados na vida cultural do momento. Avilés, aconsella, viaxa, organiza, percorre o país cos novos amigos, fabula e repite

as súas aventuras engaiolantes. Axiña retoma a actividade como escritor: Publica unha recompilación dos seus poemarios editados (*As moradias do vento, a frata y-o garamelo*) e dos inéditos de mocidade (*Poemas a Fina Barrios. Pequeno Canto e Poemas soltos a Maricarme Pereira*), e os novos escritos ó longo dos vinte anos de América (*Os poemas da ausencia, Nova Crónica de Ulises*), nun volume que

leva por título “*O tempo no Espello*”, 1982. Colabora coas revistas literarias impulsadas polos máis novos (*Luzes de Galicia, Dorna...*) mesmo con traducións de Saint-John Perse e Jack Hill. Integrado na vida literaria de Galicia, foi presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e mesmo, entre 1987 e 1991, Concelleiro de Cultura no goberno local do BNG, onde desenvolveu un grande e eficaz labor. Desde fermosos e literarios bandos, ata a construción da casa da cultura que hoxe leva o seu nome, pasando por moitas temas correntes como lograr que desde a Xunta se procedese á resturación do Teatro Coliseo de Noia ou a montaxe da escola obradoiro de Noia.



Cantos Caucanos (1985)

*Ter unha casa en Chachahuí
e escoitar á noitiña o zunido
dos vagalumes,
dos cocouios, o canto do tur-
pial
e o mñar estremecedor do
puma negro.*

En 1985 publica o seu máis alto poemario ata ese momento, polo que vai recibir o Premio nacional da Crítica, *Cantos Caucanos*. Neles paga a débeda da saudade inversa, situando a Colombia –sobre todo a rexión do Cauca– no centro da memoria. As lembranzas dunha natureza exuberante, dunha época de vida moi natural e fundida co medio natural, os temas recorrentes da vida, amor, música, tipos, aparecen como eixo dunha saudade infinda que se explicita contra o final do libro:

*... Levo como quen leva unha ferida
a extensa xeografía dunha patria lonxana, a*



*cicatriz radiante
de algo irrecuperable e que habita comigo.
A música que me abre as portas, que me brune
os fanais,
que me amosa incesante perdidias latitudes onde
a vida
campea vigorosamente co seu alto tremor irre-
petible; e dóeme
como se a esgazaran de min mesmo, cada hora
de luz que nace agora
nos camiños que andei.*

As torres no ar (1989)

Despois de ter saldada a débeda poética coa home-
naxe á terra de adopción, coa expresión desa saudade
inversa, en 1989 publica un novo libro, “*As torres
no ar*”, que constitúe, nas súas palabras, *un pouco
unha maneira de entrar novamente na terra, de
recuperar o paraíso perdido e retomar o tempo da*

infancia. A orixe do título está nun reproche que
seica lle facía con frecuencia súa nai, dicindo que non
se dedicaba ás cousas útiles porque sempre andaba a
facer “torres no ar”. Neste libro reconece os lugares e
sensacións da infancia organizándoos ó redor de
varios núcleos: *Pórtico, Cantos a carón da natureza,
O cántico das naves: elexías do mar*, e finalmente, os
máis íntimos, sensuais e vitalistas de *A torre secreta*.


*Ná outra banda do mar construen o navio:
o martelar dos calafates resoa na mañá, e non saben
que están a construír a torre de cristal da miña
infancia.*

*Nón saben que cada peza, cada caderna maxistral
é unha peza do meu ser. Nón saben
que no interior da quilla está a médula mesma
da miña espiña dorsal; que no galipote a quencer
está o perfume máxico da vida.*

*Que cando no remate ergan a vela, e a enxárcia
tremole vagarosamente no ar
será o meu corazón quen sinta o vento,
será o meu corazón.*

Nova Crónica das Indias (1989)

Tamén en 1989 publicará as maxistrais prosas de
Nova crónica das Indias, único libro en prosa pen-
sado como como tal. Entre unha presentación lírica



na que mediante catro escenas evoca os sentimentos
da nenez, e un epílogo nomeado *O regreso de Ulises
Fingal*, que é máis ca ningunha outra composición
súa, a descrición poética do reencontro coa terra des-
pois das reviravoltas da vida, escribe catorce prosas
impregnadas dun acusado lirismo incluso cando toca
episodios nos que transparenta a dureza da vida da
conquista e da selva. Volve, por veces sobre os mes-
mos temas da súa obra poética, da súa propia historia
persoal: Os amigos reencontrados en portos cosmo-
politas, como o Andrucho, a forza dos animais exóti-
cos como a boa ou o xaguar, a loita entre o indíxena
e o colono, a vida do aventureiro cazando peles,
facendo tratos cos indios da selva amazónica, bus-
cando tesouros... a sensualidade do amor primitivo,
os tipos populares do pobo, recreacións de situacións
históricas concretas en pro dunha épica indíxena...

Sen dúbida, esta súa única incursión na narrativa, é
ferramente imprescindible para coñecer a súa vivencia
da saudade máis íntima e reconstruír as tensións
entre desacougo e seducción das terras americanas
ata a súa decisión da volta.

*O abraio de sentirse só nun mundo silvestre e aba-
fante, de verse sen retirada e para sempre pono cora-
zón como pendurado dun fío delgado, o alento
atado na garganta, os ollos de animal asombrado
que recuácara a un tobo que non pode atopar. As
bagullas reprimense no seu encoro, pero pingan
adentro, caen no máis intaimo do ser e queiman as
illargas, afloran no centro do cerebro co seu latexo e
martelar e vaise abrindo esa ferida, o buraco fondo*



onde os sentimentos se soterran, o tremor se acugula e envólvese o sarillo do espanto para poder sobrevivir. Horas de desacougo que se volven anos, mentres a brisa da terra nova vai acolléndote e comezan a probar os froitos, a apretar unha man que se ofrece, a ocultarse entre as sabas do leito para non ver os temporais e deixar que pasen os días. Mais a terra ten un lazo quente e caes no seu nó. O tempo fai dondas as arestas e canta victorioso no cumio dos días e pouco a pouco entretece unha urdime nova que adormece a memoria e tense que esgazar de novo a ferida para que saia o espello interior e che amose o entorno da patria perdida...

Última fuxida a Harar (1991)

*Que a terra me conforte,
a terra fresca
onde meus pais labraron
e sinta o seu lentor
e sinta a saiba
subir polas raíces até o corpo
dos grandes castiñeiros.
Só por sentir as rulas
pousarse levemente na saudade.*

Ó pouco tempo da publicación do libro, a morte preséntaselle en forma de enfermidade terrible. En maio de 1991 escribe a que ha ser a presentación do seu derradeiro libro: *“un gume negro acaba de me ferir a xuventude. Vede a roseira nos alcantilados! Fermoso o sangue novo abrindo o cráter no ester-*

nón do tempo” e comeza a súa loita final coa doenza que á fin acabará con el en 1992. Sabedor dese proceso, escribe o libro *Última fuxida a Harar* que se nos presenta, desde o seu título, como unha obra de xenerosa e vizosa despedida poética. A conciencia de estar chegando á fin, e a vontade de permanencia da palabra como forma de trascender á propia morte estará sempre presente. Os elementos eixo das súa produción anterior: o amor e a comunión coa terra, física e histórica, vanse manter, xunto co tema recorrente da despedida e entrega da vida e a evocación poética da historia medieval. As composicións estrutúranse nos poemarios *“O cazador no escuro”*, *“Silva de varia fermosura”* e *“Crónica de Antigos Reis”*. A cada un dos tres corresponde un apéndice vinculado temáticamente con el: Así, *“En-psalmos para escoorrentar a besta”* insiste sobre o tema da morte e a despedida, *“Cruzol de amor e cofre dos olvidos”*, sobre a temática amorosa, e *“As armas e os baroes assinalados”* sobre a dura historia medieval.



Avilés co seu primeiro fillo Santiago, nacido en Bogotá (1968)

O libro chega á súa fin no seu *Apéndice 3, As armas e os baroes assinalados* cunha composición titulada *“Fusquenlla”*, a revolta irmandiña de 1431 dirixida por Roi Xordo, e na que se achega dunha foma enfática circular e militante a un dos mitos clásicos do nacionalismo galego. Remata así:

...
*Comeza a arcada a derrubar a torre
e o pau de ferro fai tremer os montes.
Hai que romper de norte a sul de Galiza,
queimar as rozas dunha idade antiga
e ver nacer o sol, lástima fóra.
É andaba o sol bailando nos regueiros
mentres o Sol universal brillaba máis alá dos
confíns,
Terra querida, que sempre chegas tarde
ou chegas antes ou despois da Historia
e andamos foscas no correr do tempo.
Hai que romper, romper agora.*

Nese mesmo ano de 1992 publicouse, logo da súa morte, unha antoloxía das súas colaboracións xornalísticas baixo o título *“Obra viva”* que el preferiu ó que tiña orixinalmente *“Letra miúda”*. Trátase de oitenta e oito artigos entre os anos 1959 e 1989